



e confección, o do sector de centros de chamadas (contact center), o das empresas de seguridade, o das axencias de viaxes ou o das instalacións deportivas e ximnasios.

Hai outros 45.000 traballadores e traballadoras a xornada completa en Galicia que tamén se verán beneficiadas, e dentro deles hai dous colectivos ben diferentes: un 35% serían persoal que non dispón de negociación colectiva de referencia, e o 65% restante, persoal público, na súa maioría asalariados da administración local en Galicia.

CCOO leva formulando no último ano a necesidade de que estes colectivos dispoñan de negociación colectiva de ámbito autonómico a través dun acordo galego de cobertura de baleiros e dun acordo marco para as entidades locais. No primeiro caso, a dirección de Comisións Obreiras levará a proposta ao Consello Galego de Relacións Laborais. Para o segundo, o sindicato emprazará as Ad-

ministracións públicas a iniciar a negociación de forma urxente, co obxectivo prioritario de que a incorporación do salario mínimo de mil euros mensuais en catorce pagas sexa unha realidade para estes colectivos.

Crecemento do PIB

Desde CCOO destácase o efecto agregado directo que ten un escenario de cambio de tendencia nas retribucións do conxunto dos traballadores e traballadoras, cun potente impacto sobre o maior motor da economía galega. Tendo en conta que o peso do consumo privado sobre economía galega representou no ano 2017 o 59,8%, a mellora salarial estimulará un crecemento adicional do noso PIB no próximo período, sendo este un aspecto imprescindible para dar unha resposta aos problemas de volume de emprego, calidade do mesmo e tamén contribuír a mudar a tendencia demográfica –que precisa dunha maior eficiencia económica.

Reunión coa Xunta de Galicia

O 10 de xullo, o secretario xeral de CCOO, Ramón Sarmiento, e a secretaria de Emprego, Maica Bouza, reuníronse en sede parlamentaria co presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, e co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde.

No encontro pedíuselle á Xunta unha participación activa para estender en Galicia a cobertura do IV AENC e do acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo ao conxunto das Administracións. Tamén se lle solicitou ao Executivo autonómico un acordo marco para ampliar a cobertura colectiva para os traballadores e traballadoras das entidades locais.



De esq. a der., Conde e Feijóo con Sarmiento e Bouza | Foto: Conchi Paz

Esta xuntanza continúa unha rolda de contactos iniciada días atrás cos grupos parlamentarios da oposición, cos que CCOO tamén tratou estas cuestións.